

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740



RESOLUCIÓN DO 19 DE XUÑO DE 2018 POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN DA CENTOLA E DO BOI 2018-2019.

ni

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

Ao longo dos últimos anos demostrouse que a veda da centola, cando inclúe meses nos que o número de femias ovadas é elevado, pode axudar a aumentar a biomasa reprodutora e a regular a pesqueira, sempre e cando se establezan cotas diarias de captura no período posterior á veda, que eviten a concentración das capturas e a consecuente caída dos prezos no inicio da campaña extractiva.

O particular comportamento reprodutivo e as cambiantes condicións ambientais do medio mariño son os responsables das flutuacións anuais na actividade da frota, que concentra a súa actividade durante os meses de novembro e decembro, período de máximos rendementos (54% do total da centola capturada no conxunto da campaña). A variabilidade interanual na abundancia do recurso fai necesario que a pesqueira da centola en augas galegas sexa abordada mediante un modelo de xestión adaptativa, con plans anuais que deberán basearse na información obtida do desenvolvemento da actividade extractiva dos anos precedentes.

Para a elaboración do novo plan de xestión da centola e do boi recibíronse propostas da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo e da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

Así mesmo e co obxectivo de facilitar a identificación das artes xérase a necesidade de implantar un sistema de identificación de etiquetas con chip RFID integrado para o seu uso no medio mariño, que serán proporcionadas pola consellería competente en materia de pesca.

Fundamentos técnicos e xurídicos.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que «A política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros os de:

1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...).

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, regula o uso da arte *nasa para centola* nos artigos 134 a 137 (inclusive).

Polo anterior,

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740**RESOLVO:****3. Período de veda.**

O período de **veda** para o ano 2018 queda establecido como segue:

1. **Zona A, dende a desembocadura do Río Miño ata o paralelo que pasa polo Cabo Corrubedo: dende as 00.00 horas do 23 de xuño ata as 00.00 horas do 11 de novembro de 2018, ambos inclusive.**
2. **Zona B, dende o paralelo que pasa polo Cabo Corrubedo ata o meridiano que pasa polo Cabo Estaca de Bares: dende as 00.00 horas do 23 de xuño ata as 00.00 horas do 11 de novembro de 2018, ambos inclusive.**
3. **Zona C, dende o meridiano que pasa polo Cabo Estaca de Bares ata o Río Eo: dende as 00.00 horas do 30 de xuño ata as 00.00 horas do 2 de decembro de 2018, ambos inclusive.**

Deberase ter sempre en conta os horarios autorizados para cada unha das artes a empregar, segundo se recolle no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

galicia


7. Puntos de control e venda.

Zonas de pesca, lonxas e puntos de venda autorizados.

O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

A Conselleira do Mar

A CONSELLEIRA
Rosa M. Quintana Carballo
